Para empezar

POR QUÉ FOLGA XERAL?



Demostrar que non imos aceptar que a vivenda siga sendo un negocio a costa das nosas vidas.

Hai xente que di que agora non toca facer unha folga porque estamos cerca das eleccións, pero **e nos que? Deixamos de ter problemas co alugueiro ata que se celebren? Agardamos a ver quen goberna mentres nos siguen subindo os prezos?**

Levamos demasiado tempo agardando a que os políticos solucionen isto, pero no Congreso os intereses de quen fan negocio coa vivenda siguen bloqueando os cambios que necesitamos. Por iso non podemos quedar agardando a que alguén queira arreglalo: temos que presionar nós.

E isto vai máis aló dunhas eleccións. **Goberne quen goberne, necesitamos alugueiros asequibles e o dereito a vivir dignamente.** A folga é unha forma de demostrar que somos moitas y que non imos deixar que a vivenda siga quedando en segundo plano.

Porque as nosas vidas non poden agardar a que pasen as eleccións. **E se nos organizamos para que, goberne quen goberne, teñan que escoitarnos?**

FOLGA XERAL POLA VIVENDA

11N · Paramos o país

CONFEDERACIÓN DE SINDICATOS DE INQUILINAS

poderinquilino.org

Por iso necesitamos unha mobilización naa que podamos participar todas.

Eu non sei, pero cada vez cústame máis chegar a fin de mes. Traballo para cobrar un soldo e logo todo marcha no alugueiro, a compra e as facturas. E mentres facemos malabares, os alugueiros non paran de subir.

E creo que non podemos seguir pensando que isto é o que nos tocou vivir. **Se nos queixamos cada unha pola nosa banda, é difícil que cambie nada, Por iso proponse unha folga xeral: para xuntarnos moitas, parar e demostrar que queremos vivir, non pasarnos a vida traballando para pagar unha casa.**

Ademais, isto non só afecta ás que vivimos de alugueiro. Aféctanos a tods, ás nosas familias e veciñas. **Eu creo que, se queremos cambiar as cousas, temos que facelo xuntas.**
Imaxínaste que desta volta fósemos moitas as que paramos?

POR QUE SE FAI A FOLGA ANTES DAS ELECCIÓNS?

Os nosos alugueiros, os nosos desafiuzamentos e os nosos burofaxes non entenden de periodos electorais. Nos últimos meses vimos como o Congreso dos Deputados está secuestrado polo rendismo.

A folga é agora porque mentras os partidos disctuen, nós seguimos a pagar alugueiros imposibles e moitas veciñas viven baixo a ameaza de quedar sen casa.

Non queremos que o noso dereito dependa do calendario electoral nin de quen ocupe o Goberno. Unha folga xeral permite levar esta esixencia ao conxunto da sociedade e demostrar que non aceptaremos que a vivenda siga a ser un negocio a conta das nosas vidas.

QUE É UNHA FOLGA XERAL?

É un tipo de mobilización na que moitas persoas, á vez, deixan de traballar e, polo tanto, de realizar unha parte das actividades cotiás que fan que funcione la sociedade, para demostrar que temos capacidade colectiva de presión.

Parácheste a pensar como estamos a vivir? Pasamos o dia choiando e logo case todo o soldo vai no alugueiro, a compra e as fracturas. E semella que temos que aguantar, coma se non houbese outra opción.

Pero eu creo que si podemos facer algo. Se o 11 de novembro paramos moitas, podemos demostrar que estamos fartas e que non seguiremos tragando con isto. Porque soas temos pouca forza, pero xuntas podemos conseguir que as cousas cambien. Soas non sei se imos cambiar algo, pero **e se facemos a folga xuntas?**

RABALLAMOS PARA VIVIR, NON PARA PAGAR O ALUGUEIRO! POR QUE UNHA FOLGA XERAL POLA VIVENDA?

Cada vez traballamos máis para vivir peor: o soldo marcha co alugueiro, a compra e as facturas. Non é que non nos esforcemos dabondo: é que a vivenda está a comer os nosos salarios. Unha folga xeral permítenos pasar de estar cada unha aguantando como pode a organizarnos e demostrar que somos moitas as que queremos unha solución.

A vivenda aféctanos a todas e temos que defendela xuntas: non é só cousa de quen vive de alugueiro. Afecta ás nosas familias, ás nosas veciñas e aos nosos barrios.

Para o custe da vida

CADA VEZ CUSTA MÁIS CUBRIR AS NECESIDADES MÁS BÁSICAS

11



FÍO DO RELATO

Suba desbocada do custo da vida, da cesta da compra e dos subministros enerxéticos

↓

Estancamiento salarial e perda continuada do poder adquisitivo para a maioría social

↓

Esforzo estéril das familias por apretar o cinto fronte a carestía

↓

Beneficios millonarios e acumulación de riqueza en mans de grandes empresas

↓

Organización, mobilización e resposta colectiva (Folga Xeral)

FOLGA XERAL POLA VIVENDA

11N · Paramos o país

CONFEDERACIÓN DE SINDICATOS DE INQUILINAS

poderinquilino.org

euro que gastamos, hai empresas que seguen aumentando os seus marxes e obtendo beneficios millonarios. Por que as que producimos, transportamos ou ofrecemos os servizos que a sociedade necesita non vemos mellorar as nosas condicións, mentres quen controla eses negocios e propiedades poden acumular cada vez más riqueza? Se a economía funciona grazas ao traballo e ao consumo da maioría, **por que cada vez lle custa máis vivir a esa maioría?**

O 11N PARAMOS

Ao final, o problema non é que non saibamos xestionar os nosos cartos e que teñamos que aprender a gastar menos. O problema é que cada vez custa máis cubrir as nosas necesidades, os nosos salarios non dan para o mesmo e unha parte cada vez maior da riqueza acaba concentrada en mans duns poucos. A folga xeral é unha ferramenta para poñer freo a esta carestía, plantar cara aos abusos e esixir condicións de vida dignas para toda a sociedade.

Podes apoiar de distintos xeitos: secundando as mobilizacións, difundindo as reivindicacións ou participando nas asembleas e redes de apoio do teu barrio. **Deixámosche un cartel para difundir entre a túa xente? Queres que che informemos das convocatorias do comité de folga?**

CADA VEZ CUSTA MÁIS CUBRIR AS NECESIDADES MÁIS BÁSICAS

Cada vez custa máis facer algo tan básico como encher la neveira, pagar a luz ou poñer a calefacción. Vas ao supermercado e cos mesmos cartos levas menos cousas que vai uns anos. Non é que de súpeto gastemos máis, é que o básico custa cada vez máis. Non falamos de luxos, senón de poder comer ben, manter a casa a unha temperatura axeitada e vivir sen estar calculando constantemente que custo podemos permitirnos e cal temos que deixar para outro momento. **Notaches canto cambiou o que gastas na compra e as necesidades básicas?**

TRABALLAMOS, PERO OS NOSOS SALARIOS NON DAN PARA VIVIR

A sensación é que traballamos para vivir, pero cada vez vivimos peor. Aínda que teñas un emprego, entre a compra, os suministros e os custos cotiáns, os cartos desaparecen rápido. Os prezos suben, pero os nosos soldos non o fan ao mesmo ritmo, así que cada vez podemos comprar menos co que gañamos. E isto non se soluciona dicíndolle á zente que aforre máis ou que traballe máis duro. Podes recortar gastos ata certo punto, pero non podes deixar de comer, de quentarte en inverno, de pagar facturas. **Ti tamén tes a sensación de que, aínda que traballes, cada vez che custa máis chegar a fin de mes?**

MENTRES VIVIMOS CON CADA VEZ MENOS, AS GRANDES EMPRESAS ACUMULAN BENEFICIOS

Cando suben os prezos, semella que non hai nada que facer, coma se fose unha lei natural e todos tívesemos que resignarnos. Pero detrás de moitos deses prezos hai empresas que toman decisións e obteñen enormes beneficios. Mentres nós temos que mirar cada

Para hipotecadas

A división real non é entre inquilinas e propietarias, senón entre quen necesita unha casa para vivir e quen especula

11



FÍO DO RELATO

Suba de tipos de interese y perda de poder adquisitivo do salario

↓

Risco de inestabilidade familiar e dificultade de emancipación para fillas e fillos

↓

Especulación de fondos e institucións financeiras sobre o parque de vivenda

↓

Deterioro da comunidade e perda de soberanía popular nos barrios

↓

Organización e resposta colectiva

familias. Hoxe moitas familias están a avalar económicamente ás súas fllas e fillos para que podan acceder a un teito, poñendo en risco a súa propia seguridade económica. Ter unha casa onde vivir e planificar o futuro non debería poñer en xaque a economía familiar nin o benestar de ningunha xeración.

O 11N PARAMOS

Unha folga xeral é a ferramenta para ir máis aló dos da folga de alugueiros. Permite participar a quen ten hipoteca, a quen viven de alugueiro e quen xa pagou a súa casa, unindo a nosa forza colectiva para presionar e defender os nosos barrios. Se a vivenda é un problema que nos afecta a todas no día a día, necesitamos unha resposta que implique a toda a sociedade.

Podes apoiar de distintos xeitos: participando na xornada, difundindo as reivindicacións ou sumándote ás iniciativas vecinais. **Podemos deixar un cartel para poñer no portal? Queres que te informemos de cando será o vindeiro comité de Folga no barrio?**

A DIVISIÓN REAL NON É ENTRE INQUILINAS E PROPIETARIAS, SENÓN ENTRE QUEN NECESITA UNHA CASA PARA VIVIR E QUEN ESPECULA

A verdadeira diferenza non é se estás de alugueiro ou pagando unha hipoteca, senón se necesitas unha casa para vivir ou a usas para especular. QUen ten unha hipoteca comparte coa inquilina o esmo problema: un modelo que fai do dereito a teito un negocio lucrativo. Hoxe é a veciña que aluga á que expulsan; mañá pode ser unha mesma ou os seus hillos se cambia a situación laboral ou suben as cotas. **Como ves a situación no barrio coa suba dos prezos?**

A HIPOTECA, COMA O ALUGUEIRO SAE DO NOSO TRABALLO E COME O NOSO SALARIO

Pagar unha hipoteca é destinar durante décadas unha parte enorme do noso soldo a un banco. Coas subas de tipos de interese, moitas familias ven como a cota sube centos de euros ao mes sen que os salarios medren igual. O resultado é o mesmo que no alugueiro: perdemos capacidade adquisitiva mentres os beneficios bancarios non paran de medrar. Tanto ten que sexa alugueiro ou hipoteca; en ambos os dous casos trátase dun esforzo enorme que vai parar a mans de quen se lucra coa vivenda. **Notaches a suba nas cotas nos últimos anos?**

DEFENDER A VIVENDA É DEFENDER A NOSA ESTABILIDADE E O FUTURO DAS NOSAS FILLAS E FILLOS

Aínda que creamos ter unha situación estable, unha hipoteca é unha débeda a trinta anos: un despedimento, unha enfermidade ou unha separación colócanos en situación de risco a todas. Ademais, a crise destrúe os barrios e ameaza o futuro das nosas

Para pequeno comercio

OS ALUGUEIROS ABUSIVOS TAMÉN ASFIXIAN A QUEN LEVANTA A PERSIANA CADA MAÑÁ

11



FÍO DO RELATO

Suba de prezos do alugueiro a comercios ou do prezo dos locais

↓

Suba dos alugueiros habitacionais supón menos gasto nos comercios

↓

Cambio na vida dos barrios, con negocios “franquicia”

↓

Peche de comercios tradicionais e perda da identidade barrial

↓

Organización e resposta colectiva

Podes apoiar de distintas formas, segundo as posibilidades de cada negocio: pechar durante a xornada, apoiar públicamente a convocatoria, difundir as súas reivindicacións ou participar nas iniciativas veciñais. **Podemos deixar un cartel da Folga? Queres que te informemos de cando é o comité de Folga barrial?**

LOS ALQUILERES ABUSIVOS TAMBIÉN ASFIXIAN A QUIENES LEVANTAN LA PERSIANA CADA MAÑANA

Sabemos o que custa levantar a persiana cada día e manter o negocio aberto. Cada vez atopamos máis desafiuzamentos de locais comerciais, **canto comezaches pagando por este local e canto pagas agora?** Queremos barrios cos comercios de toda a vida, onde se estás tres días sen ir, a dona pregunta por ti xa que se preocupa polas súas veciñas, Cada vez é máis caro manter un local e necesitamos barrios onde sexa posible vivir e traballar, non barrios onde todos os cartos vaian para pagar rendas.

SE NON PODEMOS PAGAR O ALUGER, TAMPOUCO PODEMOS COMPRAR NA TÚA TENDA

Cada euro que vai no alugueiro é un euro que deixamos de gastar no barrio. Se queremos rúas vivas, tendas abertas, e clientela durante todo o ano, necesitamos que a xente poda vivir dignamente e chegar a fin de mes. A crise da vivenda tamén é un problema. **Notaches que nestes anos a xente compra menos?**

O 11N PARAMOS

Entendemos que pechar un día pode supor unha perda económica. Pero non pechar e non facer nada, suporá perdas maiores a longo medio e longo prazo. Se conseguimos regular os alugueiros, tanto de vivendas coma de comercio. Se conseguimos manter nos barrios o comercio e lugares para vivir será mellor para o conxunto da veciñanza.

Para antirracismo e migrantes

OS PROBLEMAS QUE SOFREN NON SON INEVITABLES; SON CONFLITOS CON PERSOAS CONCRETAS E PODEMOS GAÑALOS



EN EL CASO DE TRABAJADORAS SIN PAPELES/TRABAJADORAS INTERNAS QUE NO PUEDEN HACER HUELGA

Entendemos que non todo o mundo pode secundar a folga formalmente. De feio, as traballadoras máis precarizadas sodes as que menos podedes, polo que vos animamos a que, se non podedes secundalo formalmente, valoredes algunha das seguintes opcións:

- Unirte a un comité de folga
- Falar coas túas compañeiras sobre a folga e as súas reivindicacións
- Repartir panfletos aos teus coñecidos
- Difundir a convocatoria en redes ou por WhatsApp
- Afiliarte ao sindicato de vivenda ou ao teu sindicato de barrio máis próximo
- Acudir ás próximas convocatorias

presionamos colectivamente para dicir que non imos permitir máis abusos e que podemos parar o país se non se protexe o noso dereito a unha vivenda.

OS GOBERNOS SON CULPABLES, PERO PODEMOS FORZALOS A TOMAR AS MEDIDAS QUE PRECISAMOS

Mari Carmen tamén demostrou que a nosa loita pode lograr melloras, coma o Decreto que leva o seu nome. Agora ben, necesitamos moito máis. E en concreto a Folga Xeral reclama medidas urxentes e estruturais. Primero, regularización administrativa das traballadoras migrantes, con soldos e condicións laborais dignas e sen discriminación. Segundo, regulación dos prezos dos alugueiros para facelos asequibles e incluíndo o alugueiro de habitacións e o subarrendo. Terceiro, garantindo contratos escritos e recibos así como acabar coas empresas de desokupación.. Cuarto, garantir tamén o empadronamento con recibos transferencias ou outras probas de residencia, aínda que o casiero se negue. E quinto, que non se discrimine ás persoas migrantes no acceso a vivenda pública e que se facilite a acreditación de vulnerabilidade

Mentres non nos den o que esiximos e o que é xusto, a loita ten que seguir e organización colectiva é a solución, con asesoramentos colectivos, acompañamento de veciñas, tradución e interpretación de documentos, denuncia de prácticas discriminatorias, resistencia veciñal fronte a empresas de desokupación, protección fronte a despedimentos, e en xeral redes de apoio mutio nos barrios.

LOS PROBLEMAS QUE SUFREN NO SON INEVITABLES; SON CONFLICTOS CON PERSONAS CONCRETAS Y PODEMOS GANARLOS

É o caseiro o que se queda coa maior parte do noso soldo. Ninguén lle obriga a poñer eses prezos, pero a lei permite que o faga. Aínda por riba leva eses cartos sen mover un dedo: aínda que nos vendan o discurso da meritocracia, sabemos que case todos os caseiros fan negocio con pisos herdados ou dos que pagamos a hipoteca as súas inquilinas. Ademais, non é normal ter que subarrendar ou incluso ter que vivir co subarrendador. E moitas veces nin fan contrato, na inestabilidade absoluta, ou sufrís raciskmo inmobiliario. Se non es ti, seguro que coñeces a máis dunha persoa que vive ameazada por empresas de desokupación, que vive nun lugar insalubre porque non se pode permitir outra cousa, que aluga unha habitación para as fines de semana, que vive con varias familias no mesmo piso, etc. Non podemos normalizar estas situacións. ESiximos algo tan básico coma alugueiros estables, baratos e de calidade. Non é ningunha tolemia.

Pero hai unha solución: organizarnos, coma os comités de barrio que estamos potenciando. Cando estamos soas vivimos os nosos problemas con desinformación, medo, ansiedade, etc. Por iso tentan enfrontarnos. A nosa forza está en loitar xuntas, como demostrou Mari Carmen durante tantos anos e co legado que nos deixou: loitade polo que é voso. Ou Ya Amou, de Malí e veciña de Madrid, que vive no barrio de Lucero dende o 2006 e a quen unha empresa quere botar nada máis comprar o piso. Ela negouse a marchar, organizouse coa veciñanza e con presión sindical forzou á empresa a que lle vendera a vivenda por un prezo moito menor ao de mercado. Cunha folga tamén

Para feminismos

SEN CASA NON HAI LIBERDADE. A VIVENDA TAMÉN É UNHA LOITA FEMINISTA!



O QUE DEFENDEMOS

SEN CASA NON HAI LIBERDADE. A VIVENDA TAMÉN É UNHA LOITA FEMINISTA

OS NOSOS COIDADOS SOSTEÑEN O MUNDO. SE NÓS PARAMOS, O MUNDO PARA!

O QUE ACONTECE NAS VIVENDAS É POLÍTICO

FOLGA XERAL POLA VIVENDA

11N · Paramos o país

CONFEDERACIÓN DE SINDICATOS DE INQUILINAS

poderinquilino.org

SEN CASA NON HAI LIBERDADE. A VIVENDA TAMÉN É UNHA LOITA FEMINISTA!

ue liberdade temos se non podemos permitirnos unha casa? Como saímos dunha relación violenta se non temos onde ir? Non hai igualdade se a nosa autonomía depende de poder pagar un alugueiro. Queremos vidas libres de violencias, e para iso necesitamos vivendas dignas, asequibles e seguras**. Sen dereito á vivenda non hai liberdade para as mulleres.**

OS NOSOS COIDADOS SOSTEÑEN O MUNDO. SE NÓS PARAMOS, PARA O MUNDO!

Quérennos traballando dentro e fóra da cas, coidando a todo o mundo e chegando a fin de mes como podemos. Os nosos coidados sosteñen a vida, pero ninguén se fai cargo de sosternos a nós. Basta de traballo invisible, de xornadas interminables e de cargar con todo! O 11 de novembro paramos para defender a vida, os coidados e o noso dereito a vivir dignamente.

O QUE ACONTECE NAS VIVENDAS É POLÍTICO

Quérennos endebedadas, esgotadas e resolvendo soas problemas que son colectivos. Que se non chegamos ao alugueiro, pidamos un préstamo; que se non podemos coidar, que amañemos como podamos; que se sufrimos violencia, atopemos nós soas a saída. Rematou! Non queremos vivir para pagar débedas nin soter soas unha sociedade que nos espreme. O 11 de novembro, organicemos a rabia e paremos para **pór a vida por diante do negocio.**

FOLGA XERAL POLA VIVENDA · 11N

Para ecoloxismos

DEFENDER A VIVENDA É DEFENDER O NOSO TERRITORIO FRONTE Á ESPECULACIÓN



poderinquilino.org

FÍO DO RELATO

Destrución do territorio e crise climática impulsada polo modelo de construcción especulativa

↓

Vulnerabilidade ante a emerxencia térmica e falta de habitabilidade nos fogares

↓

Acaparamento do parque inmobiliario existente por parte de grandes propietarios e bancos

↓

Desigualdade socioeconómica, degradación dos ecosistemas e mercantilización da vida

↓

Rehabilitación, redistribución e resposta colectiva (non construir máis, repartir o que existe!)

FOLGA XERAL POLA VIVENDA

11N · Paramos o país

CONFEDERACIÓN DE SINDICATOS DE INQUILINAS

poderinquilino.org

comúns da sociedade.

Podes apoiar de moitas formas: sumándote ás mobilizacións, difundindo as reivindicacións ou participando nas accións ecoloxistas e vecinais do barrio. **Queres que che deixemos un cartel para difundir no teu colectivo ou nas redes? Queres que te informemos das próximas convocatorias do comité de folga?**

DEFENDER A VIVENDA É DEFENDER O NOSO TERRITORIO FRONTE Á ESPECULACIÓN

Ao igual que defendemos os bosques, os ríos e os ecosistemas fronte á destrución, as noss casas son o núcleo básico do territorio que debemos protexer. A vivenda é refuxio, sostén a nosa vida en común e da sentido de pertenza aos barrios. Unha casa nunca é algo alleo á contorna na que se inserta, senón que forma parte indisoluble do noso ecosistema vital. Protexer o noso fogar e frear a quen convirte o territorio nunha simple mercadoría. **Como ves o impacto da especulación inmobiliaria no territorio e a contorna dos nosos barrios?**

NECESITAMOS CASAS HABITABLES EN VERANO E INVIERNO

Precisamos con urxencia adaptar as nosas vivendas e cidade á crise climática e á emerxencia térmica. Contar con fogares habitábeis e protexidos do frío e da calor, non pode ser unha cuestión de luxo, de privilexio. Por isto, non podemos depender das flutuacións do mercado ou da vontade do caseiro. Apostar pola rehabilitación integral, a adaptación e a eficiencia enerxética do que xa existe é a única forma de promover unha transición ecolóxica xusta, que poña a vida no centro.

O 11N PARAMOS

A solución real á crise da vivenda e dos ecosistemas non pasa por seguir construíndo máis á custa do territorio, senón por repartir o que xa existe. Unha folga xeral pola vivenda é tamén unha ferramenta ecoloxista para frear a especulación territorial, esixir a rehabilitación enerxética e defender os bens

FOLGA XERAL POLA VIVENDA · 11N

Para terceiro sector

NON SE PODE COMBATER A EXCLUSIÓN SOCIAL SEN GARANTIR O DEREITO Á VIVENDA

11



poderinquilino.org

FÍO DO RELATO

Sen vivenda non hai inclusión

↓

Non basta con atender as consecuencias: hai que cambiar as causas

↓

Defender dereitos sociais é defender o dereito á vivenda

↓

Organización e resposta colectiva

FOLGA XERAL POLA VIVENDA

11N · Paramos o país

CONFEDERACIÓN DE SINDICATOS DE INQUILINAS

poderinquilino.org

baixo un teito digno non dependa da capacidade de enriquecimiento de ninguén. Os dereitos garántense colectivamente e a vivenda tamén.

NON SE PODE COMBATER A EXCLUSIÓN SOCIAL SEN GARANTIR O DEREITO Á VIVENDA

Non podemos falar de inclusión social mentres haxa persoas que non saben se poderán pagar o alugueiro o mes que ven. Non podemos falar de autonomía cando unha suba do alugueiro pode botar abaixo anos de acompañamento social. A vivenda é a base de calquera proxecto de vida e garantila é unha condición imprescindible para combater a exclusión. Por isto, defender o dereito á vivenda tamén é defender o traballo do Terceiro Sector.

NON PODEMOS DEDICAR OS NOSOS RECURSOS A PARCHEAR UNHA EMERXENCIA QUE TEN CAUSAS ESTRUTURAIS

As entidades sociais non podemos pasar a vida recollendo os anacos que deixa a crise da vivenda. Non basta con atender a unha familia despois dun desafiuzamento, se non facemos nada para evitar o seguinte. Necesitamos recursos para acompañar ás persoas, pero tamén cambios estruturais que impidan que a vivenda siga xerando pobreza e exclusión. A mellor política social é aquila que evita que as persoas caian na exclusión.

QUEN DEFENDEMOS OS DEREITOS SOCIAIS TEMOS QUE DEFENDER TAMÉN O DEREITO Á VIVENDA

Se defendemos os dereitos socias, temos que defender tamén o dereito á vivenda. Non podemos tratar a vivenda como un problema alleo cando condiciona a vida das persoas ás que acompañamos cada día. O 11 de novembro temos a oportunidade de unir forzas para reclamar que vivir

FOLGA XERAL POLA VIVENDA · 11N

Para pensionistas

NON HAI PENSIÓNS DIGNAS SE NON HAI VIVENDA DIGNA



poderinquilino.org

FÍO DO RELATO

Aumento da carestía da vida e dos alugueiros

↓

Revalorización das pensións non acorde coa carestía da vida

↓

Organización e resposta colectiva

FOLGA XERAL POLA VIVENDA

11N · Paramos o país

CONFEDERACIÓN DE SINDICATOS DE INQUILINAS

poderinquilino.org

xubilación tranquila. O 11 de novembro, defendamos xuntas as pensións, a vivenda e unha vida digna para todas as xeracións.

PENSIONISTAS PEQUENOS RENDISTAS

NON TES POR QUÉ DEPENDER DAS RENDAS DUN ALUGUEIRO PARA TER UNHA PENSIÓN DIGNA

Sabemos que moitas persoas maiores necesitáis alugar unha segunda vivenda para chegar a fin de mes. Pero non queremos que para vivir dignamente unhas teñades que pagar un alugueiro que afogue a outras. Non queremos enfrontar a pensionistas e inquilinas: queremos pensións dignas e alugueiros asequibles para todas.

NON HAI PENSIÓNS DIGNAS SE NON HAI VIVENDA DIGNA

Non hai pensións dignas con alugueiros abusivos. Non sirve de nada subir unha pensión se despois o caseiro ou a residencia se levan esa suba e cada vez as pensionistas teñen menos cartos para vivir. Despois de toda unha vida traballando, ninguén debería ter medo a perder a súa casa por non poder pagar o alugueiro. O 11 de novembro defendemos unha vida digna para todas as xeracións: pensións suficientes, alugueiros asequibles e o dereito a quedar na casa.

TODA UNHA VIDA TRABALLANDO NON PODE ACABAR PAGANDO RENDAS A COSTA DA PENSIÓN

Despois de toda unha vida traballando, non podemos aceptar que a pensión termine en máns do rendista. As persoas maiores non cotizaron durante décadas para vivir con medo a unha suba do alugueiro ou para ter que manter económicamente aos seus fillos e fillas porque tampouco poden pagar unha vivenda. Queremos pensións dignas e alugueiros asequibles. Que os cartos do noso traballo sirva para vivir, non para engordar as rendas doutros.

A LOITA POLAS PENSIÓNS E A LOITA POLA VIVENDA SON UNHA MISMA LOITA ENTRE XERACIÓNS

Quérenos facer crer que as persoas maiores e as mozas temos intereses enfrontados. Pero o problema é o mesmo: cada vez custa máis vivir dignamente cos ingresos que temos. Non queremos que unha xeración teña que sostir á outra porque o alugueiro é inasumible. Queremos que os nosos fillos e fillas poidan emanciparse e que nosas persoas maiores poidan gozar dunha

Para autónomas

TRABALLAR POLA TÚA CONTA NON DEBERÍA SIGNIFICAR VIVIR COA AUGA AO PESCOZO



FÍO DO RELATO

Altos prezos do alugueiro de vivenda e de locais comerciais

↓

Perda de poder adquisitivo da clientela e menor consumo na economía de proximidade

↓

Marxes axustadas e asfixia económica para as traballadoras por conta propia

↓

Inseguridade laboral e risco permanente de peche ou abandono do negocio

↓

Organización e resposta colectiva

O 11N PARAMOS

Entendemos que parar ou pechar un día supón un esforzo económico inmediato para quen traballa pola súa conta. Pero non facer nada vai supor un goteo constante de perdas e afogo mes a mes. Se conseguimos regular e baixar os prezos dos alugueiros e das vivendas, as familias terán máis cartos dispoñibles para consumir e os autónomos poderemos sacar adiante os nosos negocios con tranquilidade.

Podes apoiar de distinto xeito, según a dispoñibilidade da túa actividade: facendo paro durante a xornada, difundindo as reivindicacións entre os teus clientes e nas redes sociais, ou participando nas accións do teu barrio. **Deixámoste una cartaz de Folga para o teu local ou as túas redes? Queres que te informemos das reunións do comité de Folga barrial?**

TRABALLAR POLA TÚA CONTA NON DEBERÍA SIGNIFICAR VIVIR COA AUGA AO PESCOZO

Sabemos o que custa sacar adiante un negocio e chegar a fin de mes cando cada gasto conta. Non ten sentido traballar todo o día e que casi todo o que gañas marche co pagamento da vivenda. O 11 de novembro defendemos que traballar por conta propia tamén permita vivir dignamente. Porque traballar non debería condenarmos a vivir ao límite.

OS ALUGUEIROS CÓMENSE OS TEUS INGRESOS E POÑEN EN RISCO O TEU NEGOCIO

Cada vez custa máis manter un negocio, pagar os gastos e chegar a fin de mes. E mentres tanto, unha parte enorme do que gañamos vaise en pagar un teito. Queremos poder traballar, aforrar e sacar adiante os nosos proxectos sen que o alugueiro se leve os nosos ingresos.

SE A XENTE NON CHEGA A FIN DE MES, TAMPOUCO PODE CONSUMIR NO TEU NEGOCIO

Se a xente deixa o soldo no alugueiro, ten menos cartos para comprar, consumir e contratar servizos. Isto tamén afecta aos que vivimos do noso traballo e dos nosos negocios. Queremos barrios onde a xente poida vivir e consumir, e onde os autónomos poidamos gañarnos a vida sen estar sempre ao límite.

Para sanidade

A CRISE DE VIVENDA É TAMÉN UNHA CRISE DE SAÚDE PÚBLICA



FÍO DO RELATO

Inseguridade residencial, cotas e alugueiros abusivos

↓

Deterioro da saúde mental e física da poboación e sobrecarga nos centros de saúde

↓

Precarización das condicións laborais e salariais do persoal sanitario

↓

Degradación da sanidade pública e da calidade de vida nos barrios

↓

Organización e resposta colectiva

crise da vivenda (estrés, depresión, problemas respiratorios ou crónicos agravados). A precarización das vosas condicións do traballo e da vida dos vosos pacientes son dúas caras da mesma moeda. Unir a loita da sanidade pública coa loita pola vivenda é defender a calidade da atención e a dignidade das traballadoras da saúde.

O 11N PARAMOS

A folga xeral do 11 de novembro é unha oportunidade para defender colectivamente o dereito á vivenda e a sanidade pública. Se non atacamos as causas que enferman aos nosos barrios e precarizan o noso traballo, a situación irá a peor para todas.

Podedes apoiar a folga nos centros sanitarios e nos barrios de distintas formas: participando no paro, difundindo a convocatoria entre as compañeiras ou sumándoos ao comité de folga barrial. **Deixámosvos cartaces e folletos para a plantilla e a sala de espera? ¿Gustaríavos que vos informemos das reunións do comité?**

A CRISE DE VIVENDA É TAMÉN UNHA CRISE DE SAÚDE PÚBLICA

A saúde non é só non estar enfermo, esixe condicións de vida dignas, e a vivenda é unha das máis importantes. Vivir co medo a un desafiuzamento, non poder pagar o alugueiro ou habitar en casas con humidade e frío enferma directamente. A inseguridade residencial provoca ansiedade, insomnio, depresión e empeora as enfermidades crónicas. Cando a falta de vivenda deteriora así á xente dos nosos barrios, convírtese nun problema de saúde pública de primeiro orde. **Como estás vendo o impacto da crise da vivenda na saúde da xente do entorno?**

A VIVENDA CÓMESE O SOLDO E NOS QUITA SAÚDE

Cada euro de máis que pagamos por ter un teito é un euro menos para comer ben, poñer a calefacción ou cuidar da nosa familia. Cando unha parte enorme do salario vaise na vivenda, ese sobreesfuerzo económico convírtise nun risco directo para a saúde. Mentres os rendistas e os bancos aumentan os seus beneficios, as familias perden capacidade para vivir con tranquilidade e benestar. Para cuidar a saúde dos barrios hai que poñer freo a un mercado que afoga os salarios.

PROFESIONAIS DA SAÚDE

AS LOITAS DA SANIDADE E DA VIVENDA SON A MESMA LOITA IDEA FORZA

Como profesionais da saúde, vivís a diario a sobrecarga asistencial, a falta de recursos e como la perda de poder adquisitivo dificulta chegar a fin de mes. Pero ademais, nas consultas atendéis a diario malestares que veñen provocados pola

Para educación

A DIVISIÓN NOS CADROS DE PERSOAL E O ATAQUE AO FUTURO DA MOCIDADE



FÍO DO RELATO

Acaparamento da vivienda por grandes fondos e alugueiros abusivos

↓

Pobreza infantil crónica, estrés residencial e empeoramento da saúde física e mental do alumnado

↓

Fenda social nas aulas, aumento da conflictividade e sobrecarga laboral do persoal educativo

↓

Folga indefinida no ensino e na loita pola dignidade das condicións de vida e traballo

↓

Unidade de acción, apoio mutuo e resposta colectiva

FOLGA XERAL POLA VIVENDA

11N · Paramos o país

CONFEDERACIÓN DE SINDICATOS DE INQUILINAS

poderinquilino.org

deteriora a convivencia nos centros educativos. **Notáchedes nas vosas aulas un aumento do malestar emocional e das dificultades de aprendizaxe nos últimos cursos?**

O 11N PARAMOS

Sabemos o enorme esforzo e a determinación que require manter unha folga indefinida. A comunidade educativa está a dar un exemplo de dignidade con todas as mobilizacións que estades levando a cabo. Queremos acompañar activamente o voso conflito, porque defender o ensino público e defender o dereito a un teito forman parte dunha mesma loita polas condicións de vida da xente dos nosos barrios. Precisamos unir forzas para reforzar ambas as convocatorias e organizar accións conxuntas entre os centros educativos e as asembleas de barrio.

Podemos coordinarnos de moitas maneiras: apoiando e participando nos vosos piquetes e nas vosas protestas, difundindo as vosas reivindicacións entre a veciñanza ou preparando accións conxuntas para sinalar os responsables da precariedade. **Como podemos acompañar e reforzar, desde o comité de folga do barrio, as accións que tedes previstas para estes días?**

A DIVISIÓN NOS CUADROS DE PERSOAL E O ATAQUE AO FUTURO DA MOCEDADE

Dentro dos cadros de persoal educativo atopamos realidades moi diversas. Quen accedeu ao funcionariado hai anos arrastra unha perda acumulada de poder adquisitivo e ve como os grandes fondos acaparan o mercado, dificultando que as súas fillas e fillos poidan comprar unha vivenda. Canda elas, unha ampla rede de persoal con salarios moito máis baixos—educadoras sociais, integradoras, persoall administrativo, conserxería, persoal de comedor, ocio educativo, mantemento ou limpieza (moitas con contratos fixos discontinuos)— sofre unha precariedade insostible. Para todos os colectivos, a urxencia é clara: precisamos intervir no mercado da vivenda para baixar os alugueiros e garantir contratos estables. **Como estades a vivir o encarecemento da vivenda no voso equipo de traballo?**

A CRISE DA VIVENDA ESNAQUIZA A INFANCIA E RACHA AS AULAS

A loita educativa dos últimos anos puxo o foco nas condicións que fan posible a aprendizaxe: non se pode aprender nin ensinar en aulas marcadas pola desigualdade. A suba imparable dos alugueiros e os desafiuzamentos de familias con menores colocan a infancia nunha situación de extrema vulnerabilidade. Vivir coa ameaza dun desafiuzamento xera estrés tóxico e ansiedade; o amoreamento dificulta estudar e descansar; e a falta de recursos económicos tradúcese nunha alimentación deficiente que afecta á memoria e á concentración. As dificultades do noso alumnado non son casos illados: son consecuencia directa dunha crise da vivenda que racha a igualdade de oportunidades e

FOLGA XERAL POLA VIVENDA · 11N

Para universidades

SE NON PODES PAGAR UNHA HABITACIÓN, NON PODES ESTUDAR NA UNIVERSIDADE PÚBLICA



poderinquilino.org

públicas asequibles y empleo estable, nos va a ir mejor a todas. El 11 de noviembre, la universidad también para.

Puedes apoyar de distintas formas, según tu situación:

- **Estudiantes:** sumarte al paro académico y a los piquetes informativos, llevar la huelga a tu asamblea de facultad o a tu delegación de estudiantes.
- **PDI, investigadoras y PTGAS:** hacer huelga (está convocada por los sindicatos y te cubre), informar en clase o en tu departamento, no fijar exámenes ni entregas ese día.
- **Todas:** colgar carteles, difundir la convocatoria y participar en el comité de huelga de tu campus o de tu barrio.

¿Te podemos dejar un cartel para tu clase o tu departamento?
¿Quieres que te avisemos de cuándo se reúne el comité de huelga de tu facultad?

A MESMA POLÍTICA QUE ASFIXIA A UNIVERSIDADE PÚBLICA CONVIRTE A VIVENDA NUN NEGOCIO

As administracións levan anos incumprindo o financiamento que a lei esixe para a universidade pública: hoxe invístese arredor da metade do comprometido. Mentres tanto, as universidades privadas non deixan de medrar e xa case hai tantas privadas como públicas. Coa vivenda pasa algo parecido: apenas hai prazas en residencias públicas a prezos asumibles, mentres os fondos de investimento constrúen residencias privadas que nas grandes cidades custan arredor de 1.000 euros ao mes. Quen pode pagar, estuda e vive en boas condicións; quen non pode, queda fóra ou acaba endebedándose. Non son dous problemas distintos: son cidades e universidades pensadas para quen ten cartos.
A túa universidade ten prazas en residencias públicas a un prezo que poidas pagar? Coñeces alguén que tivese que ir a unha residencia privada por non atopar praza nunha pública?

ESTUDANTES QUE VIVEN COA SÚA FAMILIA

AÍNDA QUE NON PAGUES ALUGUEIRO, A VIVENDA TAMÉN DECIDE O TEU FUTURO

Sabemos que moitas de vós vivides coa vosa familia e quizais pensades que esta folga non vai convosco. **Pero cantas horas pasas cada día no transporte para chegar ao campus? Escolliches a universidade ou o grao que querías ou acabaches estudando o que tiñas máis preto? E cando remates a carreira, poderás marchar da casa co salario que che agarda?** Non queremos que estudar dependa de ter unha vivenda familiar preto da facultade, nin que rematar a carreira signifique seguir sen poder independizarse. Por iso, esta loita tamén é túa.

SE NON PODES PAGAR UNHA HABITACIÓN, NON PODES ESTUDAR NA UNIVERSIDADE PÚBLICA

Sabemos o que custa chegar a fin de mes mentres estudas. Unha habitación nun piso compartido custa xa arredor dos 430 euros mensuais de media no Estado e nas grandes cidades universitarias supera os 600 euros. Dez meses de curso supoñen entre 4.000 e 6.500 euros só en alugueiro, moito máis ca matrícula. Cada vez máis compañeras traballan para pagar a habitación e estudan co tempo e a enerxía que lles quedan; outras renuncian a estudar fóra da súa cidade ou a cursar a carreira que querían.Non é un problema individual: é unha barreira de clase na porta da universidade pública. **Canto pagas ti por unha habitación? Cantas horas traballas para poder pagala?**

QUEN SOSTÉN A UNIVERSIDADE PÚBLICA NON PODE PAGAR UNHA CASA PRÓXIMA DELA

A universidade pública funciona grazas a profesoras asociadas e sustitutas, investigadoras predoutorais e posodoutaris que encadean contratos, e persoal de administración e servizos que moitas veces vive a unha hora ou máis do campus. A falta de financiamento foi parcheada con contratos cada vez máis precarios, e eses salarios xa non abondan para pagar un alugueiro nas cidades universitarias.

Canto tardas en chegar á túa facultade? Coñeces alguén que marchase da túa cidade ou deixase a universidade por non poder pagar a vivenda? Tes dúbidas sobre continuar na universidade debido á túa situación habitacional?

O 11N PARAMOS

Entendemos que custa parar un día: unha clase, unha práctica, un examen, un contrato que hai que renovar. Pero non facer supón seguir perdendo: compañeiras que deixan a carreira, investigadoras que marchan, prazas públicas que desaparecen. Se conseguimos regular os alugueiros e a universidade e unha universidade pública ben financiada, con residencias públicas a prezos asumibles e emprego estable, iremos todas mellor. O 11 de novembro, a universidade tamén para.

Podes apoiar de distintas de distintas maneiras, segundo a túa situación:

- **Estudantado:** súmate ao paro académico e aos piquetes informativos, leva a folga a túa asemblea de facultade ou a túa delegación de alumnado.

- **PDI, persoal investigador e PTXAS:** facer folga —está convocada polos sindicatos e conta coa cobertura correspondente—, informar nas aulas ou no departamento e evitar fixar exames ou entregas para ese día.

- **Todas:** colgar carteis, difundir a convocatoria e participar no comité de folga do teu campus ou barrio.

Podémoste deixar un cartaz para a túa clase ou departamento?, queres que che avisemos de cando se reúne o comité de folga da túa facultade?